



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/12/2009 12:06
Nº Rexistro: 17415
Data envío: 21/12/2009 12:06:35.790


Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa aos insultos contra os galegos que figuran nun libro recentemente publicado en Madrid.

A Editorial “Temas de Hoy” ven de publicar neste mesmo ano 2009, en Madrid, o libro titulado “Hablar bien no cuesta tanto. Dudas, etimologías y curiosidades de la lengua española”, escrito por Pancracio Celdrán. Nesta publicación, a acepción “gallego” figura como sinónimo de “cobarde, embustero, avaricioso, falso, hipócrita, descarado, gorrón, cabezota, terco, tacaño, fanfarrón”.

Chama poderosamente a atención o feito de que “gallego” é o único xentilicio que aparece en todo o libro. O tópico absurdo (e intencionado) convértese así en insulto. Non aparecen outros, como os relativos á soberbia dos madrileños ou á preguiza dos andaluces. Nin tampouco se atreven cos vinculados aos cataláns e aos bascos, que tamén existen. Con todos eles hai sumo coidado. Con nós, co pobo galego, insulto e aldraxe.

Lamentablemente, non é a primeira vez que feitos como este se producen. Lembremos o libro “Chistes de Gallegos”, da Editorial Planeta. Auténtica literatura xenófoba. Tamén cando o propio Dicionario (oficial) da “Real Academia de la Lengua Española” insulta aos galegos, é evidente que se cría un caldo de cultivo propicio para amparar e oficializar o desprezo, a humillación e a caricatura de Galiza e do



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/12/2009 12:06
Nº Rexistro: 17415
Data envío: 21/12/2009 12:06:35.790

pobo galego. Non acontece así cos madrileños, por exemplo, porque non se dá a autonegación. Nin cos cataláns ou os bascos, porque non se atreven.

Xa está ben. Cumpre parar dunha vez por todas aldraxes como a denunciada. Para evitar a propagación de tópicos absurdos sobre nós fóra de Galiza, mais tamén para defender a autoestima colectiva dentro do propio país.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.^a) Que avaliación realiza o Goberno galego dos feitos denunciados?
- 2.^a) Que medidas se adoptarán por este motivo?
- 3.^a) Que actuacións se porán en marcha para evitar a reprodución no futuro de feitos de similar natureza contra Galiza e o pobo galego?

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2009.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 21/12/2009 12:05:37